

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 13 DE OUTUBRO DE 2022,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
FRANCISCO CONDE LÓPEZ**

### **PROXECTO DE LEI**

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **DECRETOS**

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, da provincia de Lugo, para o sostemento en común do posto de traballo de secretaría-intervención, reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Meis duns treitos das estradas provinciais EP-9402, EP-9406 e EP-9407.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia.

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a zona de reestruturación parcelaria de Riomol (Castroverde, Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a zona de reestruturación parcelaria de Rairiz de Veiga (Rairiz de Veiga, Ourense).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a zona de reestruturación parcelaria de San Miguel de Valga (Valga, Pontevedra).

### ACORDOS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara de interese autonómico o proxecto do campus I+D do Grupo Santos, de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables, por importe de cincocentos corenta e sete mil oitocentos setenta e oito euros con cincuenta céntimos (547.878,50 €).

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se adoptan medidas de xestión para a protección da Rede Natura 2000, para a conservación dos hábitats protexidos, a súa compatibilidade coas actividades tradicionais e a loita contra o cambio climático.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e o proxecto de construción de senda na AC-131 entre Peteiro e O Baño (Mugardos).

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de convivencia escolar 2025.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco con varios empresarios, da subministración sucesiva de sistemas de implantes de columna, con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe de dezaoto millóns douscentos trinta mil seiscentos catro euros con setenta céntimos (18.230.604,70 €), IVE incluído, e cun valor estimado de trinta e nove millóns setecentos setenta e cinco mil oitocentos sesenta e catro euros con oitenta céntimos (39.775.864,80 €).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de carácter plurianual e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria (código de procedemento BS700A). Importe total: once millóns oitocentos doce mil douscentos dezanove euros (11.812.219,00 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a liña de subvencións a concellos, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, destinadas á adquisición de vehículos alternativos (eléctricos e híbridos), mediante o sistema de *renting*, con destino aos corpos da Policía Local, xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local durante os anos 2021 e 2022.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre a Orde de convocatoria para o ano 2022 de incentivos á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA TRAMITARÁ UNHA LEI PARA AXILIZAR E DOTAR DE SEGURIDADE XURÍDICA OS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN GALEGOS

- O vicepresidente primeiro subliña que facilitará convocar todos os procesos ao abeiro da Lei 20/2021 “ante de que finalice este ano”
- Permitirá salvar eivas e imprecisións da lei estatal que busca reducir a temporalidade no emprego público
- O Goberno galego xa aprobou en maio a OPE da Administración Pública que inclúe máis de 10.300 prazas de estabilización

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, anunciou hoxe tras a rolda de prensa do Consello que a Xunta tramitará unha lei para axilizar e dotar de seguridade xurídica os procesos de estabilización que se desenvolverán ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. “O texto foi negociado cos sindicatos nestas últimas semanas e agora remitirase ao Parlamento para que sexa tramitada e poder convocar todos os procesos ao abeiro da Lei 20/2021 antes de que finalice este ano”, avanzou Conde.

Segundo resaltou o vicepresidente primeiro, o obxectivo é “axilizar e facilitar o desenvolvemento dos procesos de estabilización”. Neste sentido, lembrou que ao abeiro da Lei 20/2021, a Xunta aprobou en maio a OPE da Administración Pública que inclúe “máis de 10.300 prazas para a estabilización”. Delas, segundo precisou, máis de 8.000 se adjudicarán por sistema de concurso de méritos e outras 1.600 por concurso-oposición.

O proxecto de lei, hoxe aprobado polo Consello da Xunta, permitirá ademáis salvar todas as eivas e imprecisións que contén a Lei 20/2021 e convocar antes do 31 de decembro de 2022 todos os procesos de estabilización que se desenvolverán no marco desta lei. O proxecto contou co voto a favor de CC.OO., UXT e CSIF na Comisión de Persoal.

A Lei 20/2021, de medidas urxentes, distingue dous tipos de procesos: un de estabilización mediante o sistema de concurso de méritos, no cal se valorarán exclusivamente os méritos, e outro a través do sistema de concurso-oposición, que comporta a realización de exames. O primeiro dos procesos empregárase para ofertar todas as prazas que estivesen ocupadas de forma temporal e de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, mentres que o segundo será de aplicación ás prazas ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos os tres anos anteriores ao 31 de decembro do ano 2020.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste marco, a Xunta xa aprobou o pasado mes de maio os decretos de oferta de emprego público (OEP) da Administración pública, nos cales se inclúe un total de 10.338 prazas para este proceso de estabilización de emprego. Delas, 8.703 seleccionaranse polo sistema de concurso de méritos e outras 1.635 a través dun concurso-oposición. Coa incorporación de persoal fixo nestas prazas de estabilización, máis as prazas xa convocadas, a taxa de temporalidade situarase por debaixo do obxectivo do 8 % fixado pola lexislación do Estado.

### **Proxecto de lei**

O Proxecto de lei aprobado hoxe na reunión do Consello da Xunta inclúe diversos aspectos que facilitarán o desenvolvemento dos procesos de estabilización coa máxima seguridade xurídica para os empregados públicos.

Entre eles destacan os criterios de baremo negociados coas organizacións sindicais para os procesos ou a puntuación que representará a fase de oposición naqueles procesos que se realicen mediante o sistema de concurso-oposición.

O proxecto tamén recolle que soamente se valorarán os servizos prestados con vinculación temporal na propia escala ou categoría profesional obxecto da convocatoria tanto na Xunta como en calquera outra Administración. Ademais, o texto establece tamén que a data de valoración dos méritos será a data de publicación das convocatorias no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

### **Máis axilidade**

Conde salientou que a nova lei inclúe medidas para "axilizar" a resolución dos procesos, como a posibilidade de nomear unha ou varias comisións de valoración nos procesos de concurso ou a opción de aprobar bases comúns que poderán ser aplicadas nos distintos procesos.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE Á AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO PARA O MANTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

Búscase así garantir unha maior eficiencia e racionalidade dos recursos humanos, pois a agrupación constitúe unha medida de aforro para ambas as entidades locais

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao proxecto de decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos lugueses de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro para o mantemento en común do posto de traballo de secretaría-intervención. Búscase así garantir unha maior eficiencia e racionalidade dos recursos humanos, xa que a agrupación constitúe unha medida de aforro sen perda de capacidade na xestión administrativa.

Coa iniciativa ambos os concellos adaptan as súas estruturas de persoal ás circunstancias derivadas da diminución paulatina da poboación nos últimos anos, o que orixinou unha redución das tramitacións administrativas precisas e de ingresos procedentes de impostos e taxas.

O posto de traballo resultante da agrupación clasifícase como secretaría de clase 3ª da subescala secretaría-intervención e proverase por concurso. O cargo resérvase a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

A maiores, o proxecto de decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta inclúe os estatutos polos cales se rexerá a agrupación voluntaria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MEIS DE DISTINTOS TREITOS DE TRES ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírese un treito de 190 metros na EP-9402, entre o Mosteiro e Barrantes; preto de 300 metros na EP-9406, de Galles á Armenteira; e un treito antigo de 80 metros da EP-9407, entre A Goulla e Porráns
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade destas estradas provinciais o Concello de Meis terá a competencia para actuar neses treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Meis de distintos treitos de tres estradas provinciais: a EP-9402, entre O Mosteiro e Barrantes; a estrada EP-9406, de Galles á Armenteira; e un treito antigo da EP-9407, entre A Goulla e Porráns.

O Concello de Meis e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no cal estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destas vías.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade dos treitos destas tres estradas provinciais.

En concreto, transfírense o tramo comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+190 da EP-9402, entre O Mosteiro e Barrantes; o treito da vía provincial que une Galles e A Armenteira, que se corresponde coa EP-9406, entre os quilómetros 5+300 e 5+584; e un treito antigo de 80 metros do trazado principal da EP-9407, entre A Goulla e Porráns, situado entre os punto 0 e 0+100.

A transferencia a prol do Concello de Meis tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Meis terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ámbito dos treitos das tres vías provinciais obxecto do cambio de titularidade:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA UN NOVO DECRETO SOBRE VIXILANCIA SANITARIA DAS AUGAS DE BAÑO QUE INCORPORA UN REXISTRO E A OBRIGA DE INFORMAR DO ESTADO DAS AUGAS**

- O decreto establece tamén os modelos de solicitudes de alta, modificación e baixa no rexistro, delimita as competencias das autoridades sanitarias, inclúe a actualización do control de calidade sanitaria das augas e regula a información que se facilita á poboación
- Este novo ordenamento derroga o Decreto 240/2000, do 13 de setembro, polo que se regulaba a declaración de augas de baño habilitadas na Comunidade galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo decreto sobre vixilancia sanitaria das augas de baño en Galicia que derroga o regulamento do ano 2000 e incorpora novidades como a creación dun rexistro de augas de baño na Comunidade galega, establece as competencias das autoridades sanitarias e fixa a información que se facilita ao público.

A Xunta substitúe o anterior decreto de hai máis de 20 anos e actualiza e adapta o aprobado hoxe aos perigos e riscos para a saúde dos usuarios que pode ocasionar o crecente uso recreativo das augas de baño. A contaminación bacteriana das augas pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias e, aínda que se trata de enfermidades non graves, o número de persoas expostas pode ser elevado dada a tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño.

Por todo isto, o novo decreto sobre vixilancia sanitaria das augas de baño crea como novidade o Rexistro de Augas de Baño de Galicia, que permitirá dispor da información básica das augas de baño que sirva como instrumento para o exercicio das facultades de inspección e control que teñen atribuídas as autoridades sanitarias, e facilitar a difusión da información sobre as augas de baño ao público. Os datos deste rexistro incorporaranse e poderán consultarse no Observatorio Galego de Saúde Pública, que se está a poñer en marcha.

O novo regulamento tamén establece o contido do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa Comunidade desde mediados da década dos oitenta, executado pola Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén o decreto fai un especial recoñecemento do papel das administracións locais como provedoras dos servizos públicos primarios á poboación, establecidas xa na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que no seu artigo 25 lle atribúe aos concellos as competencias de protección da salubridade pública.

Entre as novidades que inclúe o decreto tamén está a incorporación á normativa autonómica da Decisión de execución da Comisión do 27 de maio de 2011, que establece, en virtude da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, a incorporación dun símbolo para informar o público da clasificación das augas de baño e de calquera prohibición ou recomendación que afecte a este, así como outros requisitos para garantir que o público reciba información suficiente e oportuna sobre a calidade das augas de baño e as medidas correctoras e preventivas por parte dos concellos.

Por último, e como xa se apuntou, este decreto derroga o Decreto 240/2000, do 13 de setembro, polo que se regula a declaración de augas de baño habilitadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez aprobado polo Consello da Xunta, o decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Rexistro de Augas de Baño e información ao público**

Este decreto regula a creación do Rexistro de Augas de Baño de Galicia, que contará con tres seccións: unha primeira sección de augas de baño, incluídas no Censo de zonas de augas de baño do Ministerio de Sanidade; outra sección determinará as augas de baño en avaliación, logo da súa inclusión na sección primeira do rexistro; e unha terceira sección determinará as augas con prohibición permanente do baño.

Haberá modelos para as solicitudes de alta ou modificación no Rexistro e para as solicitudes de baixa.

O decreto regula tamén as competencias das seguintes autoridades sanitarias na materia: o órgano directivo con competencia en materia de saúde pública da consellería competente en materia de Sanidade, a xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade e o/a alcalde/sa do concello en que estea situada cada auga de baño.

Tamén o ordenamento inclúe a actualización do control de calidade sanitaria das augas de baño coa fixación da tempada de baño e o calendario de control entre o 1 xuño e o 30 de setembro, cun programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia á

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

disposición do público na páxina web da Consellería de Sanidade, coa fixación de laboratorios para controis analíticos UNE-EN ISO /IEC 17025, coa determinación da aptitude do baño / prohibición ou recomendación de absterse do baño, así como cunha clasificación anual das augas do baño en diversos termos: insuficiente, suficiente, boa ou excelente.

Por último, co decreto incorporárase información ao público sobre o estado das augas de baño. Así, inclúiranse os resultados dos controis analíticos, a clasificación sanitaria das augas de baño (excelente, boa, suficiente e insuficiente); a prohibición ou recomendación de non bañarse por contaminación (prohibición do baño, recomendación de absterse do baño ou prohibición permanente do baño), e a prohibición ou recomendación de non bañarse por cianobacterias (prohibición de baño por cianobacterias ou recomendación de absterse do baño por cianobacterias).

Con este novo regulamento, que se engloba dentro dos programas de protección da saúde que desenvolve a Dirección Xeral de Saúde Pública de xeito continuado, a Xunta traballa na prevención e control do risco de exposición da poboación aos axentes causantes de enfermidades de orixe hídrica, para garantir o dereito de todos á protección da saúde.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DECLARA TRES NOVAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NOS CONCELLOS DE CASTROVERDE, RAIRIZ DE VEIGA E VALGA QUE BENEFICIARÁN PRETO DE 1.500 PROPIETARIOS**

- O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos que inician os procesos das zonas de Riomil, Rairiz de Veiga e San Miguel de Valga, respectivamente, que reestruturarán unha superficie total de 1.319 hectáreas
- A Xunta cumpre o compromiso adquirido de decretar novas concentracións parcelarias por cada proceso con títulos entregados, coa previsión de decretar outras 14 zonas máis este ano
- Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaranse 28 novas concentracións, que abarcan un total de 23.613 ha e 107.655 parcelas de 15.586 titulares
- As parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa Comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal tres decretos da Consellería do Medio Rural polos que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de Riomil (Castroverde), Rairiz de Veiga (Rairiz de Veiga) e San Miguel de Valga (Valga). Deste xeito, mediante a concentración global dunhas 1.319 hectáreas relativas a estes tres procesos, veranse beneficiados preto de 1.500 propietarios.

Así, cómpre sinalar que o proceso de Riomil (Castroverde) afectará unha superficie total de 494 hectáreas, repartidas en 1.192 parcelas propiedade de 143 veciños. A parcelaria de Rairiz de Veiga (concello homónimo) reorganizará unha superficie total de 701 hectáreas, repartidas en 5.704 parcelas de 1.007 veciños. Por último, a concentración de San Miguel de Valga (Valga) reestruturará unha superficie de 124 hectáreas, repartidas en 2.100 parcelas propiedade de 322 veciños.

Desta forma, cómpre indicar tamén que estes tres novos decretos de concentración parcelaria se declaran mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Por iso, os tres procesos foron solicitados por titulares de explotacións e apoiados polos respectivos concellos. No caso da parroquia de Castroverde hai un total de 31 explotacións activas, na de Rairiz de Veiga son 62 e na de Valga 49; de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Novos procesos para decreto**

Estes decretos súmanse aos outros seis aprobados no último mes polo Goberno galego e que porán en marcha novas concentracións parcelarias nos concellos de Abadín, Becerreá, Baños de Molgas, Petín, Caldas de Reis e Dozón. Ademais destes nove novos procesos, a Xunta prevé aprobar por decreto este ano outras 14 zonas de concentración parcelaria, que se sumarán ás cinco parcelarias decretadas no ano 2021 –as primeiras desde a entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia– en Outeiro de Rei, Ordes, Friol e Castro de Rei.

Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 aprobaranse por decreto 28 novas concentracións, que abarcan un total de 23.613 ha e 109.433 parcelas de 15.586 titulares. Precisamente, cabe sinalar que por cada proceso finalizado (con títulos de propiedade entregados aos veciños e veciñas) a Xunta decretará unha nova zona de concentración parcelaria para loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións.

Así, cabe engadir que entre o ano 2020 e o que vai de 2022 a Xunta rematou un total de 23 concentracións parcelarias, que abarcaron unha superficie total de case 16.600 hectáreas, beneficiando máis de 10.600 propietarios, que recibiron arredor de 24.200 títulos de propiedade.

### **Lei de recuperación**

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade desde o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que se investisen nos distintos procesos de concentración máis de 118 millóns de euros desde o ano 2009, e o orzamento previsto para este 2022 é de 12 millóns.

Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que veu complementar e desenvolver o marco legal actual para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga). Así, na nova lei apóstase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, as aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma, estase a mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA DE INTERESE AUTONÓMICO O PROXECTO DO CAMPUS DE I+D DO GRUPO SANTOS EN BOQUEIXÓN

- Prevé un investimento de 26,5 millóns de euros e a creación de 815 empregos directos durante os sete primeiros anos de actividade
- O grupo, referente no sector dos mobles de cociña, busca contar cunhas instalacións apropiadas para que os departamentos de deseño e desenvolvemento poidan innovar en produto

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, a declaración de interese autonómico do proxecto do campus I+D do Grupo Santos, en Boqueixón, o que permitirá regular a súa implantación e fixar as condicións urbanísticas necesarias para o seu desenvolvemento.

O Grupo Santos –líder en España no sector do deseño, desenvolvemento, fabricación e comercialización de mobles de cociña– investirá 26,5 millóns de euros nesta iniciativa, coa cal prevé crear 815 empregos directos nos primeiros sete anos de actividade.

O campus de I+D localizarase en Deseiro (Boqueixón), onde o grupo conta cun terreo de 85.000 metros cadrados na zona do polígono empresarial e nunha situación estratéxica pola súa proximidade á autoestrada, así como a infraestruturas tanto aeroportuarias como ferroviarias.

O obxectivo é que o grupo conte cunhas instalacións apropiadas para que os departamentos de deseño e desenvolvemento poidan dispor dunha contorna axeitada para o proceso creativo co fin de innovar en produto.

Tras a declaración –que se produce en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio de Galicia e que se fundamenta tanto na riqueza e creación de emprego que vai implicar para a zona, como por supoñer un avance cara a un novo modelo industrial– iniciarase o procedemento para aprobar esta iniciativa como proxecto de interese autonómico.

Con esta declaración a Xunta de Galicia segue amosando o seu compromiso e apoio ao desenvolvemento da actividade industrial e, especialmente, á súa transformación a través da aposta pola innovación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O PLAN CORRESPONSABLES CHEGA ÁS UNIVERSIDADES TRAS SUPERAR TODAS AS EXPECTATIVAS NAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS**

- O desenvolvemento do plan contará cun orzamento duns 585.000 euros, dos cales a Xunta de Galicia distribuirá o 94 % entre as tres universidades galegas –a USC con 320.881 euros, a UDC con 59.150 euros e a UVigo con 167.847,50 euros–
- As actividades serán de animación sociodeportiva, obradoiros, eventos, campionatos e exhibicións. Tamén se poderán desenvolver accións formativas sobre hábitos de vida saudables, primeiros auxilios no contexto deportivo, nutrición, violencia e igualdade no deporte, entre outros temas de interese

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e as tres universidades galegas –a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo)–, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables, co obxectivo de acadar a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores ao cargo, ao habilitar servizos de coidado profesional con actividades de animación sociodeportivas.

O desenvolvemento desta segunda parte do plan contará cun orzamento duns 585.000 euros (584.678,50 euros). A Xunta de Galicia achegará o 94 % (547.878,50 euros) entre as tres universidades galegas –a USC con 320.881 euros, a UDC con 59.150 euros e a UVIGO con 167.847,50 euros– e os restantes 36.800 euros serán investidos polas propias universidades cos seus medios propios. Con este orzamento está previsto que se realicen un total de 96 actividades, para 4.820 nenos e nenas de 3.995 familias, e a contratación de 88 traballadores.

As actividades que se levarán a cabo grazas a este acordo coas universidades serán de animación sociodeportiva, obradoiros, eventos, campionatos e exhibicións. Tamén se poderán desenvolver accións formativas sobre hábitos de vida saudables, primeiros auxilios no contexto deportivo, nutrición, violencia e igualdade no deporte, entre outros temas de interese, habilitando servizos de coidados profesionais e fomentando, á vez que a práctica deportiva, a adquisición de hábitos de vida saudable a través dela.

Cómpre salientar que o pasado mes de xuño a Xunta de Galicia presentou a primeira parte do plan como unha serie de actividades para menores de 16 anos que se ían realizar con 18 federacións deportivas galegas, cun orzamento de 2,5 millóns de euros

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ata o mes de decembro do presente ano. As expectativas iniciais deste programa eran de chegar a 8.000 rapaces e rapazas a través de máis de 500 actividades e 250 monitores contratados, pero tras tres meses de execución do plan un total de 12.369 menores xa se viron beneficiados con 1.759 actividades e 889 persoas contratadas.

O Plan Corresponsables forma parte da colaboración da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes coa Consellería de Promoción do Emprego en Igualdade na área de Deportes. Nesta liña, xa en 2019 se asinaron convenios con federacións deportivas galegas para o patrocinio da Campaña NON contra a violencia de xénero; en 2020 apoiouse a participación da representación galega olímpica e paralímpica en Toquio; e o pasado ano reforzouse o Plan de patrocinio contra a violencia de xénero dos equipos de alta competición femininos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA NOVAS MEDIDAS DE XESTIÓN PARA POTENCIAR A COMPATIBILIDADE ENTRE A PROTECCIÓN DA REDE NATURA E AS ACTIVIDADES TRADICIONAIS NECESARIAS PARA PROTEXER OS SEUS HÁBITATS

- O vicepresidente primeiro explicou que, entre as actividades recoñecidas, estarán “o cultivo de pastos, as queimas controladas ou a creación de pistas cortalumes”
- A través da modificación do Plan director da Rede Natura 2000 recoñecerase o peso daquelas accións que contribúen á conservación da biodiversidade destes espazos, ao tempo que os fai resilientes e mellora a súa preparación ante o cambio climático
- As modificacións permitirán que a implementación deste tipo de actuacións ligadas ás actividades tradicionais que se desenvolven no territorio sexa máis áxil e sinxela en prol do impacto positivo que teñen sobre estas zonas naturais e os seus hábitats

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde anunciou hoxe que a Xunta impulsará o recoñecemento de novas medidas de xestión da Rede Natura 2000 en Galicia co fin de potenciar a compatibilidade entre a imprescindible protección natural destes espazos e aquelas actividades tradicionais ligadas ao territorio que desempeñan un papel clave para garantir a preservación dos seus hábitats. “É un erro pensar que nun espazo protexido non pode ter lugar ningún tipo de actividade xa que hai iniciativas que contribúen a conservar a contorna ou previr os lumes”, indicou Conde, quen puxo algúns exemplos como “o cultivo de pastos, as rozas preventivas, as queimas controladas ou a creación de pistas cortalumes”.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que propón regular e recoñecer na planificación deste tipo de espazos protexidos o peso de accións e medidas que contribúen á conservación da biodiversidade destes espazos, ao tempo que os fai máis resilientes e mellora a súa preparación e resistencia fronte ao cambio climático.

Para facelo, modificárase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, un instrumento aprobado en 2014 e cuxa aplicación nos últimos anos puxo de manifesto que determinadas actividades tradicionais consideradas na norma actual como usos permitidos permiten, na práctica e adecuadamente exercidas, incrementar o nivel de protección destes espazos naturais ante as variables climáticas e os seus efectos.

Por iso e tendo en conta o peso e o papel que desempeñan no caso de Galicia de cara á conservación e á integridade dos hábitats naturais protexidos, a Consellería considera

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que é o momento de configurar e recoñecer este tipo de actividades como auténticas medidas de xestión da propia Rede Natura. Na práctica, segundo explicou Conde, isto “fará que se simplifiquen ao máximo os trámites a realizar” para implantar estas medidas “por motivos preventivos”, entre outros.

En concreto, entre as actuacións que pasarán a considerarse medidas de xestión da propia Rede Natura cómpre citar o mantemento dos pasteiros existentes e a súa creación cando se realicen sobre espazos non conformados por hábitats de interese comunitario nin sobre áreas prioritarias de especies de interese para a conservación, ou os labores de conservación das redes de faixas de xestión de biomasa forestal.

Tamén as queimas controladas —sempre que non afecten hábitats de interese comunitario nin especies de interese para a conservación—, así como o mantemento e a construción de forma estratéxica e planificada de infraestruturas preventivas fronte aos incendios, pasarán a formar parte das novas medidas de xestión en Rede Natura 2000.

A maiores, propónse especificamente unha serie de cambios relativos á actividade agrogandeira en Rede Natura. Por exemplo, as superficies de cultivos e pasteiros existentes desde 2014 terán a consideración de zonas permitidas para a súa recuperación xa que se busca mellorar a situación inicial en que se encontraban, e nas áreas de matogueira existentes no momento de declarar a Rede Natura, e co fin de garantir un estado de conservación favorable, poderanse facer anualmente rozas preventivas no 25 % da superficie, pero non o seu desarraigamento nin o decapado do terreo.

### **Axilidade de acción e maior resiliencia**

O cambio de status previsto —de uso permitido e autorizable a medida de xestión para a preservación destas zonas— permitirá que a posta en marcha deste tipo de actuacións ligadas ás actividades tradicionais do territorio sexa máis áxil e sinxela que actualmente, en atención ao impacto positivo que teñen sobre os espazos naturais e os seus hábitats.

A necesidade de recoñecer o peso de certas actividades ligadas ao medio rural, incluídas tamén as de carácter preventivo, sobre o futuro de espazos cun alto valor ecolóxico cobra especial importancia nun momento en que en toda Europa se está notando un aumento dos efectos do cambio climático e das súas consecuencias sobre a conservación dos hábitats naturais, incluídos tamén os localizados en Rede Natura, que abrangue preto do 12 % do territorio galego e está conformada por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e 59 zonas especiais de conservación (ZEC).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a propia normativa marco en materia de patrimonio natural incide en que a xestión deste tipo de espazos protexidos debe ter en conta as exigencias ecolóxicas da contorna, pero tamén as necesidades económicas, sociais e culturais, así como as particularidades que definen cada rexión e territorio.

Neste sentido, os espazos ben xestionados e conservados, nos cales o aproveitamento dos recursos naturais existentes se compatibiliza cun exercicio axeitado dos usos e actividades tradicionais, son máis resistentes fronte aos efectos do cambio climático.

Así, e tendo en conta que o obxectivo con que se impulsou a Rede Natura 2000 foi manter ou restablecer determinados hábitats e especies nun estado de conservación favorable, a Xunta promoverá este novo cambio normativo co fin de que entre en vigor a comezos de 2023, afondando deste xeito na liña de simplificación e flexibilización impulsada nos últimos anos a través de instrucións interpretativas e cambios normativos para facilitar a execución de actuacións en Rede Natura compatibles coa protección dos seus valores.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO PARA EXECUTAR UNHA NOVA SENDA NO PETEIRO, NO CONCELLO DE MUGARDOS, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 550.000 EUROS**

- O Goberno galego autoriza as expropiacións para construír este novo itinerario peonil e ciclista de 600 metros pola marxe dereita da AC-131, desde o punto en que finalizan as beirarrúas existentes ata a vía urbana de acceso ao Baño
- Tamén se prevé habilitar unha zona de espaxamento e facilitar a conexión coa marxe esquerda da vía, onde están a maioría das edificacións, cun paso de peóns e escaleiras
- Tras a análise das achegas recibidas, o trazado axustouse de xeito que mellorará a conexión cos itinerarios peonís actuais ao inicio e ao final da nova senda
- A intervención facilitará desprazamentos máis seguros e saudables e porá en valor unha contorna de gran valor natural e turístico, que inclúe a praia da Bestarruza ou o Castelo da Palma
- A previsión da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é licitar estas obras e convocar os actos expropiatorios antes de finais de ano, para a súa execución en 2023
- A Xunta acometeu nesta zona outras sendas, como a que une Mugardos e Ares e a que conecta Franza e Rilo, cun orzamento global de 2 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de execución dunha nova senda no Peteiro, no concello coruñés de Mugardos.

O investimento que o Goberno galego destinará a este novo itinerario de uso peonil e para ciclistas non deportivos na estrada autonómica AC-131 rolda os 550.000 euros, incluíndo o pagamento dos 22 predios necesarios para impulsar estas obras.

Mediante esta nova actuación o Goberno galego busca facilitar desprazamentos máis seguros, máis limpos e máis saudables e contribuír a poñer en valor unha contorna de gran valor natural e de interese turístico: a praia da Bestarruza, a baía do Baño e, sobre todo, o Castelo da Palma.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta nova intervención no municipio.

Máis en concreto, executarase un itinerario de case 600 metros, que se construír pola marxe dereita da estrada autonómica AC-131, partindo do punto en que finalizan as beirarrúas actuais ata a vía urbana de acceso ao Baño.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, co fin de non afectar a vivenda existente na marxe dereita, nos seu primeiros 65 metros a senda terá un largo de 1,25 metros, que se irá incrementando ata acadar os 2,50 metros.

O deseño previsto polo departamento de Infraestruturas da Xunta atende á integración e ao respecto ás propiedades e aos valores ambientais, polo que, aínda que a senda transcorrerá, en xeral, paralela á estrada, en certos puntos se desviará para manter as árbores existentes.

A intervención fará precisa a execución dunha serie de muros de cachotaría para evitar a afección a unha vivenda e reducir a altura do terraplén que presenta o terreo.

Tamén se prevé habilitar unha pequena zona de espaxamento con elementos de mobiliario urbano, así como facilitar a conexión coa marxe esquerda, onde están a maioría das edificacións, mediante a disposición dun paso de peóns e unhas escaleiras de acceso.

Ademais, as obras prevén rede de drenaxe, iluminación, reposición de accesos e elementos de restauración paisaxística.

Tras o sometemento a información pública, o proxecto axustou o trazado da nova senda para mellorar a conexión cos itinerarios peonís actuais: no inicio do treito, mediante a ampliación de beirarrúa existente ocupando parte de beiravía da calzada; e tamén coa ampliación da senda para que a chegada ao paso de peóns proposto á altura da rúa do Cristo poida ser accesible.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto licitar as obras e convocar o levantamento de actas previas das expropiacións antes de finais de ano, para a súa execución en 2023. O prazo de execución dos traballos é de catro meses.

Esta nova actuación no Concello de Mugardos dá continuidade ao traballo da Xunta para fomentar a mobilidade sostible, poñendo á disposición itinerarios que faciliten os desprazamentos cotiáns dos veciños sen necesidade de coller o coche. A Xunta puxo xa en servizo nesta zona outras sendas, como a que une Mugardos e Ares ou a que conecta Franza e Rilo, dúas intervencións que acadaron un investimento autonómico de 2 M€.

O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica e na dotación de sendas co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de planta da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A ESTRATEXIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2025, DOTADA CON 5,5 M€, INCLÚE UN PLAN INTEGRAL CONTRA O ACOSO E O CIBERACOSO E FERRAMENTAS PARA A SAÚDE EMOCIONAL E A EDUCACIÓN DIXITAL RESPONSABLE**

- O vicepresidente primeiro resalta que o obxectivo é “avanzar cara a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade”
- O documento, aprobado no Consello da Xunta de hoxe, vertébrase en catro eixes e nove liñas de impacto con accións coordinadas dirixidas a alumnado, profesorado, centros educativos e familias
- Esta folla de ruta supón un cambio de paradigma na xestión da convivencia, incidindo no desenvolvemento integral do alumnado, na prevención, na innovación, na coeducación e na educación emocional
- O documento final é o resultado dun proceso de diálogo e intercambio coa comunidade educativa a través do Consello Galego de Convivencia
- Conde anuncia a posta en marcha de comisións provinciais de benestar e convivencia coa participación de profesionais dos ámbitos educativo, sanitario e social, entre outros
- Promóvese o respecto no eido dixital con accións específicas como a guía Interacciona na era dixital ou o Programa de pensamento crítico na aula
- O Goberno galego leva máis dunha década afianzando a construción dun bo clima nas aulas a través de normativa e actuacións específicas que converten Galicia nun claro exemplo de boas prácticas neste eido

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, anunciou hoxe que o Consello da Xunta aprobou na súa reunión anual a Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives 2025, dotada con 5,5 M€. “O obxectivo é seguir mellorando a convivencia nas aulas galegas e avanzar cara a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade”, indicou.

Conde subliñou que o Goberno galego leva “máis dunha década” impulsando medidas para garantir a boa convivencia escolar e agora dase un paso máis con esta nova Estratexia que, entre as principais novidades, “inclúe un plan integral contra o acoso e ferramentas para a saúde emocional e unha educación dixital responsable”, sinalou.

O documento, elaborado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, aposta pola colaboración e o esforzo compartido con accións específicas dirixidas ao conxunto dos actores que conforman a comunidade educativa,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como son o alumnado, os e as docentes, os centros educativos e as familias. Nel artéllanse catro eixes principais (convivencia positiva; cidadanía dixital, ética, segura e responsable; competencia emocional, e convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero) arredor dos cales parten nove liñas de impacto para desenvolver neste período.

Así pois, a execución desta estratexia supón un cambio de paradigma na xestión da convivencia, incidindo no desenvolvemento integral do alumnado, na prevención, na innovación, na coeducación e na educación emocional.

Para a súa implementación, a consellería creou un grupo de traballo composto por asesores docentes, directores de centros educativos, orientadores, inspectores e asesores dos centros de formación do profesorado. O documento inicial foi elevado ao Consello Galego de Convivencia (no cal tamén están representadas as organizacións sindicais e as anpa), para as achegas correspondentes. Agora, tras a súa aprobación no Consello da Xunta, o documento final será presentado mañá ante o Pleno do Consello Galego de Convivencia.

Para a posta en marcha do conxunto de accións recollidas na estratexia, a Xunta de Galicia prevé un investimento estimado de 5,5 M€ para o período ata 2025, dos cales a partida máis destacada –preto de 2,9 M€– é para o desenvolvemento dos contratos programa, seguido de 1,18 M€ para a formación do profesorado neste ámbito. Así mesmo, case 800.000 € se destinan ao deseño de recursos e publicacións que sirvan de ferramentas de traballo, e o resto do orzamento é para o deseño e elaboración de protocolos e para premios que visualicen as boas prácticas a prol da convivencia.

### **Plan integral contra o acoso**

No eixe de convivencia positiva, entre as accións destacables inclúese a elaboración dun Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso en Galicia, coa finalidade de previr, detectar e combater todas aquelas situacións deste tipo.

O dito plan incluirá a actualización dos protocolos vixentes, o programa Comprométe-T (de compromiso coa intolerancia ante o acoso e o ciberacoso), actividades de sensibilización e fomento da educación na diversidade, campañas de concienciación ás familias e ferramentas de prevención, detección destas situacións, así como posibles intervencións coordinadas para lograr unha solución axeitada e eficaz.

### **Cidadanía dixital responsable**

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este eixe está concibido para promover o respecto e a responsabilidade no uso das tecnoloxías e que as contornas dixitais sexan axudas e pontes para a prevención e resolución de conflitos en lugar de catalizadores deles, máxime cando este tipo de conflitos adoitan exceder o tempo e o espazo escolar.

Ao abeiro deste eixe vanse desenvolver unha serie de accións entre as cales cómpre destacar a guía Interacciona na era dixital, para o fomento das boas prácticas na rede, e o Programa de pensamento crítico na aula, así como unha guía de boas prácticas para a creación dunha identidade segura.

### **Comisións provinciais de seguimento de benestar e da convivencia**

O terceiro eixe abrangue un conxunto de actuacións para a mellora do benestar emocional. "Vaise desenvolver un Plan de benestar emocional e crearanse comisións provinciais e autonómicas de seguimento de benestar e da convivencia nos centros educativos", indicou Conde. Estas comisións terán un carácter multidisciplinar e transversal, para o cal se conta con profesionais dos ámbitos educativo, sanitario e social, entre outros.

Así mesmo, inclúense a revisión e actualización do Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil, que acaba de presentarse.

### **Perspectiva de xénero**

Neste eixe, a estratexia recolle un Plan de coeducación, que abrangue a análise de datos estatísticos con perspectiva de xénero para identificar como afectan as situacións de violencia en función do sexo.

Así mesmo, reforzaranse os sistemas de detección da violencia de xénero sobre a poboación escolar e melloraranse os sistemas de resposta educativa ante a diversidade afectivo-sexual e a identidade de xénero.

### **Formación docente e diagnose da convivencia**

A maiores dos catro eixes sinalados, e cunha abordaxe transversal, a estratexia inclúe dúas liñas específicas, unha vinculada á formación docente en convivencia, coeducación e educación emocional, e outra de diagnóstico e seguimento da convivencia escolar.

No que atinxe á diagnose, levarase a cabo a IV Enquisa de convivencia escolar, mantendo a rastrexabilidade e a consistencia dos anteriores cuestionarios, que inclúe tamén o

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

informe de diagnose e os informes individualizados para os centros de xeito que, con base nesa información, poidan establecer os correspondentes plans de mellora.

### **Mellora continua**

A Estratexia galega para a convivencia escolar 2025 dá resposta ao compromiso da Xunta co coidado e a mellora continua do bo clima nas aulas, polo que leva apostando desde hai máis dunha década con normativas e accións específicas que converten Galicia nun claro exemplo de boas prácticas neste eido, como reflicte o último informe PISA, que sitúa o alumnado galego nos primeiros postos en tolerancia e respecto a outras culturas, por riba da media de España e do conxunto dos países da OCDE.

Así pois, desde o ano 2010, o Goberno galego vén sentando as bases da convivencia escolar cunha normativa propia e cun paquete de actuacións entre as cales cómpre destacar a posta en marcha da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020, o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, a creación do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia e as enquisas de diagnose.

Así mesmo, hoxe en día o 100 % dos centros educativos galegos de escolarización obrigatoria contan cun plan de convivencia e cunha comisión de convivencia no marco do seu proxecto educativo e, ao abeiro dos plans anuais de formación do profesorado, desenvólvese un amplo programa formativo do profesorado, que abarca desde a formación en centros ata cursos de especialización, ademais do módulo específico de inclusión, convivencia e igualdade, que desde a súa entrada en vigor certificou preto do 80 % do profesorado, máis de 1.000 actividades formativas a través das escolas de nais e pais e máis de 4.500 proxectos centrados en igualdade de xénero a través dos plans Proxecta.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CENTRALIZA A COMPRA DE IMPLANTES DE COLUMNA PARA AS ÁREAS SANITARIAS POR IMPORTE DE 18 MILLÓNS DE EUROS

- A subministración deste material persegue a redución media dos prezos actuais de compra nun 9 por cento e un aforro estimado de 1.411.213 euros ao ano, ao tempo que mantén a calidade dos produtos
- A compra das próteses, necesarias para a realización de cirurxías de columna, enmárcase dentro da política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta puxo en marcha nos últimos anos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a primeira compra centralizada da subministración de sistemas de implantes de columna para as sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. O obxectivo desta contratación, por un importe total de 18.230.604 euros e para os vindeiros 3 anos, é manter a calidade dos produtos mellorando o seu prezo.

Así, a subministración deste material persegue a redución media dos prezos actuais de compra arredor dun 9 por cento, o que suporá un aforro estimado de 1.411.213 euros ao ano.

A compra das próteses, necesarias para realizar determinadas cirurxías para corrixir anomalías de carácter estrutural na columna, enmárcase dentro da política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta puxo en marcha nos últimos anos para acadar importantes aforros e evitar variacións significativas nos prezos dos materiais.

Concretamente, este contrato, que ten un valor estimado de 39.775.864 euros, tamén segue a liña iniciada polo Sergas de compras centralizadas de implantes traumatolóxicos de cadeira e de xeonllo, aprobados en 2019 e 2021, respectivamente.

As lesións de columna constitúen un problema que cada vez afecta máis xente debido ao paso dos anos, os accidentes, sobreesforzos e malas posturas no día a día. A cirurxía de columna descomprime, mobiliza os elementos e fixa estruturas vertebrais, recuperando a estabilidade do paciente e corrixindo a aliñación das vértebras.

#### Outros contratos centralizados

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os contratos centralizados e aprobados recentemente por vez primeira, en setembro deste ano autorizouse a primeira compra centralizada de reactivos de laboratorio para realizar cultivos de bacterias e fungos en mostras de sangue, que ascendeu a 2.760.080 euros, mentres que o pasado mes de xuño se aprobou a licitación para a subministración sucesiva de suturas manuais e cola de tecidos non absorbible, no período comprendido entre 2022 e 2025, por un importe total de 7.289.227 euros.

Outros expedientes licitados por primeira vez nestes últimos anos polo Servizo Galego de Saúde mediante compra centralizada son a subministración sucesiva de tubos endotraqueais e cánulas de traqueotomía, adxudicado por un importe de 1.839.709,81 euros, con IVE, cun aforro do 18,66 % sobre a licitación; a subministración sucesiva de sistemas monitorización de glicosa, adxudicado por un importe de 834.291,08 euros, con IVE, cun aforro do 4,20 % sobre a licitación; e a subministración sucesiva de equipamentos de cobertura cirúrxica, cun importe de adxudicación de 2.961.134,41 euros, con IVE, cun aforro sobre a licitación do 8,59 %.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA UNHA CONVOCATORIA PLURIANUAL DE AXUDAS A CONCELLOS PARA A POSTA EN MARCHA DE UNIDADES DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- O Goberno galego destinará ata novembro de 2024 case 12 millóns de euros para abrir novos centros e consolidar os xa existentes
- Subvencionará o mantemento de máis de 50 unidades por toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou unha nova convocatoria de axudas para que os concellos ou agrupacións de concellos poñan en marcha unidades de atención temperá. O Goberno galego sacará unha orde plurianual, á cal destinará 11,8 millóns de euros. Isto permitirá a consolidación das 42 unidades xa existentes e a creación doutras decena ata superar un total de 50.

A Administración autonómica aprobará unha convocatoria plurianual, ata o 2024, o que permitirá financiar o servizo para os próximos exercicios sen necesidade de novos trámites. Coa creación das novas unidades agárdase acadar os 3.000 nenos atendidos nestes centros en toda Galicia.

Na actualidade, ademais das unidades de titularidade municipal, Galicia dispón de recursos de atención temperá nos hospitais públicos e tres unidades nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños, xestionadas pola Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT).

Nestes doce anos, a Xunta reforzou a aposta pola atención temperá ao multiplicar por trece a súa extensión. Pasou de cubrir 15 concellos no ano 2009 a atender 200 na actualidade. Este servizo é fundamental para actuar sobre os trastornos que poden sufrir no desenvolvemento os nenos de ata 6 anos. É un modelo baseado na prevención, na identificación e no tratamento precoz, e facilítalles aos pequenos ferramentas para gañar autonomía desde a infancia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MEDIO CENTO DE CONCELLOS SE BENEFICIAN DAS AXUDAS DA XUNTA PARA A COMPRA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS OU HÍBRIDOS POLO SISTEMA DE *RENTING* PARA O USO DAS POLICÍAS LOCAIS

- O Goberno galego destina máis de 1,6 M€ do Fondo de Compensación Ambiental á iniciativa para o período 2021-2022
- As axudas cobren ata o 75 % do custo total das cotas do *renting*, por un período máximo de 48 meses e cun límite de 33.600 euros de subvención por concello
- O obxectivo é favorecer un modelo de mobilidade e transporte sustentable no marco das liñas de apoio ás administracións locais

Medio cento de concellos se benefician das axudas do Goberno galego para a compra de vehículos eléctricos ou híbridos polo sistema de *renting* para o uso das policía locais no período 2021-2022, segundo o informe do cal deu conta hoxe o Consello da Xunta. O documento informa da resolución da convocatoria deste ano, que permitirá sumar 18 novos coches aos 34 concedidos en 2021. O investimento global ascende así a máis de 1,6 M€, enmarcados no Fondo de Compensación Ambiental.

O obxectivo da medida é favorecer a renovación dos parques móbiles dos corpos das Policía Local de Galicia con vehículos máis sostibles. Ademais, a iniciativa forma parte das liñas de apoio da Xunta ás administracións locais, como entidades máis próximas á cidadanía, e a prol da mudanza cara a un modelo de mobilidade e transporte facilitador de contornas saudables.

Ao abeiro destas axudas, fináncianse as cotas mensuais que deben pagar os concellos polo *renting* do vehículo. A cobertura é de ata un 75 % do custo total das cotas, cun límite de 33.600 euros por municipio para o período de 48 meses. Cómpre sinalar que as convocatorias prevén o pagamento anticipado do 100 % do importe da subvención correspondente a cada anualidade, o que lles permite ás entidades beneficiarias dispoñer do financiamento preciso para atender con regularidade e puntualidade o pagamento das cotas.

Os vehículos adquiridos mediante este sistema deben ser coches patrulla tipo turismo ou todocamiño, especialmente equipados e transformados para o cumprimento das súas funcións. Inclúense os vehículos eléctricos, híbridos enchufables e non enchufables coas condicións para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Novos concellos beneficiados**

Segundo o informe presentado hoxe, a meirande parte dos novos concellos que poderán dispoñer dun vehículo destas características co apoio da Xunta sitúanse na provincia da Coruña, con Abegondo, Cabanas, Carral, Laxe e As Pontes de García Rodríguez. Xunto a eles figuran Monforte de Lemos, Palas de Rei, Sarria e Viveiro, na provincia de Lugo; e A Cañiza, A Illa de Arousa e Ponteareas, na de Pontevedra. O orzamento global ascende a 600.000 euros.

Estes súmanse aos municipios beneficiados na convocatoria de 2021, que contou cun orzamento superior a 1 millón de euros. Na provincia da Coruña son Ames, Ares, Arteixo, Boiro, Brión, Carnota, Cedeira, Cee, A Laracha, Melide, Noia, Padrón e Rianxo. No caso de Lugo, trátase de Chantada, Mondoñedo e Ribadeo; e no de Ourense, de Verín e Viana do Bolo. Finalmente, en Pontevedra beneficiáronse Baiona, Cangas, A Estrada, A Guarda, Marín, Mos, Sanxenxo, Soutomaior, Tomiño e Vilanova de Arousa.

A maiores, os concellos coruñeses de Coristanco, Miño, Ortigueira, Outes e Teo, así como o pontevedrés de Lalín, resultaron beneficiarios en ambas as anualidades.

### **Liña de axudas vixente ata 2026**

Cómpre sinalar que esta liña de axudas estará vixente ata o ano 2026, no marco do compromiso da Xunta coas administracións locais. Neste eido, a través do Fondo de Compensación Ambiental, o Goberno galego colabora cos concellos na posta en marcha de proxectos destinados a evitar a degradación ambiental, na contratación de persoal e na adquisición de vehículos e maquinaria para a protección do ambiente. Favorécese tamén a mellora da rede de abastecemento de auga, de saneamento e do servizo de recollida de lixo, e actuacións de eficiencia enerxética e de emprego das enerxías renovables na luz pública, nas instalacións e edificios municipais e nos equipamentos de alta eficiencia enerxética.

A Administración autonómica puxo en marcha en 2010 este fondo para distribuír os ingresos do canon eólico, o que permitiu ata agora cofinanciar proxectos por un importe de máis de 116 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INCENTIVARÁ CON 6.000 EUROS OS CONTRATOS DE PERSOAS MENORES DE 30 ANOS FORMADAS E INSCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL

- O *Diario Oficial de Galicia* publicará mañá as axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que contarán cun investimento de 1,7 M€
- Pódense beneficiar da convocatoria empresas ordinarias e de inserción, centros especiais de emprego e persoas traballadoras autónomas que contraten estas mozas e mozos
- A Xunta promove a formación e a contratación da mocidade galega a través do plan Emprega Xuventude, ao cal se destinan este ano 51,8 millóns de euros para beneficiar unhas 2000 persoas novas

O Consello da Xunta informa hoxe dunha nova liña de incentivos de 6.000 euros por contrato formalizado a menores de 30 anos, unhas axudas coas cales a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade quere impulsar a incorporación ao mercado de traballo de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que participasen en programas de formación entre os anos 2020 e 2021. Trátase de facilitar a contratación nas ocupacións directamente relacionadas coa cualificación obtida.

Empresas de calquera forma xurídica –tamén de inserción–, centros especiais de emprego e persoas traballadoras autónomas pódense beneficiar destas axudas que se publican mañá mesmo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Así, os interesados en optar a estes incentivos poderán solicialos ata o día 15 de novembro.

Os contratos subvencionables deberán formalizarse con mozas e mozos maiores de 18 anos e menores de 30 que rematasen o seu programa de formación para o emprego nos anos 20 e 21 e que consten inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil. Ademais, terán que estar desempregados e inscritos como demandantes do Servizo de Emprego de Galicia. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade considera que se poidan beneficiar destes apoios á contratación uns 300 mozos e mozas.

As achegas realizaranse nun único pagamento de 6.000 euros pola presentación do contrato, que debe ter unha extensión mínima de 6 meses e con xornada a tempo completo. A orde prevé un investimento de 1.741.213 euros, que se financiarán con cargo ao Fondo Social Europeo (FSE), de apoio á creación de máis e mellor emprego.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta está a apoiar este ano a formación e a contratación da mocidade galega a través do plan Emprega xuventude, dotado con 51,8 M€ para 2022, para favorecer a formación e a empregabilidade de máis de 2.000 persoas novas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)